

Exercicio 01

A política no Antigo Réxime

DOC 1.

“É só na miña persoa onde reside o poder soberano, cuxo carácter propio é o espírito de consello, de xustiza e de razón; é a min a quen deben os meus cortesáns a súa existencia (...); só a min me pertence o poder lexislativo sen dependencia e sen división (...); a orde pública emana de min, e os dereitos e os intereses da Nación, dos que se adoita facer un corpo separado do Monarca, están unidos necesariamente ao meu e non descansan máis ca nas miñas mans”.

Discurso de LUIS XV ao Parlamento de París o 3 de marzo de 1766

DOC 2.

“I.- (...) o poder de suspender as leis e a aplicación das mesmas, en virtude da autoridade real, é ilegal.

IV.- (...) o cobro de todo imposto en beneficio da Coroa (...) sen o consentemento do Parlamento (...) é ilegal.

VI.- O recrutamento ou mantemento dun exército, dentro das fronteiras do Reino en tempo de paz, sen a autorización do Parlamento, son contrarios á lei.

XIII.- Que (...) para conseguir a modificación, aprobación e mantemento das leis, o Parlamento debe reunirse con frecuencia”.

Declaración de dereitos asinada por GUILLERMO DE ORANGE. Inglaterra, 1689)

DOC 3.

“Deus estableceu aos reis como os seus ministros e reina mediante eles sobre os pobos (...). Os príncipes actúan como os ministros de Deus (...). Por iso, o trono real non é o trono dun home, senón o do mesmo Deus. Por todo o anterior, a persoa do rei é sagrada e atentar contra ela é un sacrilexio”.

BOSSUET (1709)

TRABALLAMOS SOBRE OS DOCUMENTOS

1. Ordena os textos de máis antigo a máis recente.
2. Sinala un elemento que teñan en común todos os textos.
3. O absolutismo aparece plasmado en dous dos documentos, cales? en que elementos se aprecia?
4. Hai un texto que non segue os trazos do absolutismo, cal? en que elementos se aprecia que se afasta do absolutismo?